

5 de novembro de 2012. Nos montes de A Balsa, concello de Muras (Lugo) en plena Serra do Xistral, unha recente **plantación de piñeiros** vén de afectar a máis de 10 hectáreas de hábitats protexidos. Trátase de hábitats de interese prioritario (turbeiras e matogueiras húmidas) e varios de interese comunitario en pleno LIC do Xistral, que deberían de gozar do máximo nivel de protección, e que agora fican derramados e substituidos por monocultivos de piñeiro. Lamentabelmente non se trata dun caso illado, xa que no Xistral prosperan **numerosas plantacións de piñeiro e eucalipto** inexplicabelmente autorizadas pola Xunta, que engaden o seu impacto aos máis de 100 km de pistas dos **parques eólicos** presentes nesta serra. Curiosamente o **Plano Director da Rede Natura** presentado pola Xunta esixe unha avaliación de impacto cando se prevea unha "afección significativa" á Rede Natura: E destruir os nosos hábitats máis valiosos non é suficientementre "significativo" para Hernández e Borregón?



Entre os hábitats afectados atópanse o de **interese prioritario 7110*** (turbeiras altas activas), o hábitat de interese comunitario 7140 (turbeiras de transición) e o hábitat comunitario 7150 (depresións sobre substratos turbosos con vexetación pioneira colonizadora), todos formando parte dun conxunto de moi elevado valor ecolóxico dado o seu grado de naturalidade e escasa alteración. Estimamos que a parte afectada directamente pola plantación é dunhas 1,5 ha discontinuas destruídas total ou parcialmente, cun impacto de severo a crítico con respecto á

integridade da estrutura do conxunto pola posíbel afectación á dinámica hídrica dos vasos ou turbeiras que conforman a parte máis baixa desta unidade.

Tamén resultaron afectados outros dous hábitats de matogueira, o de
interese prioritario 4020*
(matogueiras húmidas atlánticas de zonas temperadas de
Erica ciliaris e Erica tetralix
) e o de interese comunitario 4030 (matogueiras secas europeas). Consideramos que os danos supoñen a afectación severa, con destrución e levantamento de toda a cobertura vexetal de matogueira, polo desbrozado mecanizado acompañado do roturado das liñas de plantación, e que afectan entorno a 11 ha en continuo. Tamén resultou afectado o hábitat forestal de interese comunitario 9230 (carballeiras galaico-portuguesas con
Quercus robur
e
Quercus pyrenaica
) no seu borde exterior e de expansión, en case 0,5 ha lineais.

Nos últimos anos estas e outras prácticas agresivas xeralizáronse dentro deste espazo, pero tamén noutros lugares de interese comunitario (Costa da Morte, Careón, Courel, Ancares, Candán, Cando, Macizo Central...) e nunha lista máis longa. Resulta paradoxal que algunhas destas plantacións estean mesmo **financiadas con fondos europeos**, polo que finalmente a Xunta fai un gasto dobre e contraposto ao obxectivo destes fondos, pois por un lado detrae de axudas que deberan ir destinadas á conservación da Rede Natura 2000, e por outro destina os cartos á iniciativas que destrúen os valores naturais desta Rede. Cómpre lembrar que estas prácticas espúreas, caso das axudas a
repoboacións na Costa da Morte
sobre os cantís con matogueira atlántica entre Cuño e Viseo, no concello de Muxía
, están sendo investigadas xudicialmente por fraude.

Lembrar tamén que o pomposo e inútil
Plano Director da Rede Natura 2000
presentado pola Xunta establece que as novas plantacións sobre humidais e matogueiras están suxeitas a autorización, e deben ser sometidas a Avaliación de Impacto Ambiental cando poidan xerar unha "afección significativa" sobre os hábitats protexidos. Está claro que neste caso, e ao igual que cos
desbroces con maquinaria pesada sobre humidais e dunas fixas
, a Dirección Xeral de Conservación non considera "afección significativa" a destrución dos hábitats con maior grao de protección na lexislación europea e estatal. Non nos estrana, pois a Xunta chegou a regulamentar administrativamente estas prácticas agresivas mediante
instrucións técnicas ocultas
e manifestamente ilegais, que permiten a progresiva e silandeira "demolición controlada" do noso patrimonio natural máis valioso.

ADEGA solicita da Dirección Xeral da Conservación da Natureza que **paralice de inmediato os traballos de forestación no Xistral**
, e que informe sobre se estas actuacións contan coas autorizacións preceitivas, cais son os fundamentos normativos e administrativos nos que se basean, quenes foron os responsábeis técnicos e os seus superiores xerárquicos, e se as prácticas denunciadas contan con axudas da administración procedentes de fondos europeos. Dende ADEGA formularemos denuncia perante a Comisión Europea para que investigue estes feitos e a implicación da Xunta neste flagrante incumprimento da Directiva 92/43CEE de Hábitats.